

Ola de novo! Aquí estamos unha semana máis mandando recomendacións para que vos manteñades en forma na casa, ou fóra sempre respectando as normas que nos dan. Ánimo que xa queda un pouco menos, a verdade que polas noticias que temos de vós estamos moi orgullosas de ser as vosas mestras.



Nas recomendacións de hoxe imos traballar a coordinación ollo-man

### MALABARES



Podedes empregar laranxas, podedes facer bolas de papel con periódicos ou con algúns folios que xa non usedes e por suposto se tedes pelotas mellor que mellor. E máis complicado con algún tipo de aro, logo mirade como podedes facelo

Empezade sempre usando un ou dous obxectos para que o ollo vexa onde ten que recollelo e logo ide aumentando a dificultade, se sodes capaces con novas posturas e máis obxectos.



#245184686



Aquí vos deixamos varios exemplos pero xa sabemos que a vosa imaxinación é moito mellor.

## PUNTERÍA

Seguimos coa coordinación ollo-man. Tamén con cousas que tedes pola casa, podedes practicar a vosa puntería. Aproveitaremos calquera tipo de material pratos de papel, o cartón dos rolos de papel de cociña...poñemos algúns exemplos.



Ide alonxando a distancia de lanzamentos e adaptándoa as diferentes capacidades segundo a idade



Non fan falta tantos recipientes e a puntuación é variable para cada idade, pódense empregar diferentes obxectos para encanastrar.

XOGAMOS AOS BIRLOS



Con botellas





Con botes

E para os máis imaxinativos podedes facer unha caixa tragabolas para practicar a vosa puntería, a decoración vai ser personalizada.



Deixamos estas pequenas propostas que todas e todos traballastes nalgún momento no cole, agora é hora de demostrar as vosas pericias coa man e o ollo, practicade moito para que á volta nos demostrades cantas cousas novas aprendestes na vosa casa e para que as poidades compartir con todas e todos. Ánimo. Un bico xigante para todas as familias desde a lonxanía. Alba e Paz.

